

**N. Expediente:** 722/2025 (Exp. Relacionado 401/2025)  
**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisión de Postos  
**Documento:** Providencia inicio expediente  
**Asunto:** CONTRATACIÓN PERSOAL APROL RURAL\_2025 (TR351G 2025/19-5)

### PROVIDENCIA DE INICIO DO EXPEDIENTE

Páxina | 1

Vista a Resolución da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración de data 22 de maio de 2025, ao abeiro da *Orde do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) (código de procedemento TR351G) (DOG núm. 50 do 13 de marzo de 2025)*, para a contratación de 1 persoa desempregada para a realización do proxecto “REVALORIZACIÓN FORESTAL”,

#### DISPOÑO:

- Incócese expediente para a contratación de 1 persoa desempregada, para un posto de peón forestal, inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e dispoñible para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.
- O contrato a formalizar será a xornada completa, por un período de 9 meses, na modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (Modelo 405), para a realización de tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes, a xestión da biomasa, co obxecto de proporcionarlle a experiencia e práctica profesional necesarias para a súa inserción laboral.
- Incorpórense ao expediente as bases de selección que garantan os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como as preferencias reflexadas na propia convocatoria, o preceptivo certificado de existencia de crédito e demais documentación complementaria prevista na Lei.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE

